

---

**Emilia Pardo Bazán**

**Urania Mella Serrano**

María Luz Morales

**Elisa Patiño Meléndez**

Rosalía de Castro

Concepción Arenal Ponte

*Marcela Gracia Ibeas e  
Elisa Sánchez Loriga*

**Isabel Barreto de Castro**

*María Áurea Rodríguez*

Olimpia Valencia López

---



**Concello de  
Sanxenxo**

**E**sta ruta é unha homenaxe a todas esas mulleres que quixeron cambiar o rumbo da súa vida en prol da igualdade e da xustiza social. E a aquelas persoas que día a día loitan por conseguir unha sociedade mais xusta para todas as persoas.

*"As forzas que se asocian para o ben,  
non suman, multiplícanse"*

*Concepción Arenal Ponte*

# A Ruta da Igualdade



Emilia Pardo Bazán



## 1 Concepción Arenal Ponte

(Ferrol, 1820 - Vigo, 1893)

Xomalista, escritora e pioneira do feminismo español. Dende cativa tivo unha curiosidade interminable. A súa paixón polos libros converterírona nunha auténtica autodidacta, así aprendeu francés e italiano pola súa conta. Entrou a estudar na Facultade de Dereito da Universidade Central de Madrid, pero para iso tivo que disfrazarse dun home daquela época: cortou o pelo, vestiu levita, capa e chapeu de copa. Fíxose delatora de lamentables inxustizas sociais a través de textos periódicos, cartas e ensaios, onde tamén abriu debate a favor da igualdade. En 1863 Arenal, tras entregarse en corpo e mente á beneficencia e á reforma do sistema penal, converteuse na primeira muller que recibiu o cargo de visitadora de cárceres, ata entón un posto ocupado en exclusiva por homes. En 1869 publica A muller do porvir, un ensaio feminista que defende o libre acceso da muller á educación e tira por terra as teorías que promoven a superioridade do home en función de criterios biolóxicos.

1

## 2 Rosalía de Castro

(Santiago de Compostela, 1837 - Padrón, 1885)

Poetisa e novelista universal e pioneira do feminismo na literatura. Escribir en galego no século XIX, non resultaba nada doado porque a lingua galega estaba moi desprestixiada e menosprezada, pero Rosalía outorgoulle o prestixio e valor que se merecía e decidiu usalo como vehículo de gran parte das súas creacións. As súas obras coñecidas no mundo enteiro son: Cantares Gallegos, Follas Novas e En las orillas del Sar; traducidas ás principais linguas do mundo. Os temas principais das súas obras foron: a crítica social, o feminismo e a identidade cultural.

2

## 3 Marcela Gracia Ibeas e Elisa Sánchez Loriga

Primeiro matrimonio de mulleres rexistrado en España en 1901. Fíxérono na Coruña botando man dalgunha maña. Para burlar a lei, Elisa tivo que adoptar unha identidade masculina facéndose pasar por un home chamado Mario Sánchez. A súa unión matrimonial realizouse máis de cen anos antes de que a lei permitise ás persoas homosexuais españolas contraer matrimonio, co que este feito pode considerarse un precedente do matrimonio homosexual en España. Pero o engano acabou sendo descuberto, polo que ambas perderon o seu traballo como mestras, foron excomulgadas, e diluíuse unha orde de busca e captura. A parella sería portada de diarios galegos e madrileños, premios, nomes de rúa, libros, obras de teatro e ata películas.

3

## 4 Isabel Barreto de Castro

(Pontevedra, 1567 - Perú, 1622)

Foi navegante española, considerada a primeira muller que ostentou o cargo de almirante na historia da navegación. Co mando completo da frota, vive algúns conflitos nas illas Salomón, participou en expedicións en Acapulco, Guanaco e Filipinas. Pero a súa maior faezza foi a expedición que encabezou polo Océano Pacífico e que navegou ao redor de 20.000 quilómetros, a maior distancia percorrida por naves españolas no século XVI. Durante a viaxe pasaron moitas penalidades: fame, sede, enfermidades e moitas mortes a bordo. Logo perdesse a pista e non se sabe máis do seu paradero. Isabel Barreto demostrou unha capacidade de liderado insólita nunha época e nun mundo de homes.

4

## 5 Olimpia Valencia López

(Baltar, Ourense, 1898 - Vigo, 1987)

Primeira xinecóloga galega. A esta ourensá gustaríalle ser neumóloga, pero finalmente especializouse en xinecoloxía. En 1928 abriu en Vigo a súa clínica coa placa: "Especialista en enfermidades da muller". Por ser muller, os seus comezos non foron sinxelos, mirada con recoeo polos seus colegas homes e polos seus pacientes. Aos poucos foi gañándose o recoñecemento profesional que correspondía aos brillantes resultados obtidos durante a súa formación. Como investigadora, presentou un relatório nas Primeiras Xornadas Médicas Galegas realizadas na Coruña. Foi unha das fundadoras da Academia Médica Cirúrxica de Vigo, institución da que chegou a ser vicepresidente. E xa iniciada a Guerra Civil, foi detida nunha ocasión e acusada de pertencer ao Partido Galeguista e de ter trato con esquerdistas polas súas ideas revolucionarias.

5

## 6 María Áurea Rodríguez

(Cartelle, 1897 - ?)

Primeira gaiteira de Galicia, toda unha pioneira nun mundo de homes. Comezou a tocar a gaita con dez anos. Logo do falecemento dos seus pais formou xunto cos seus irmáns o grupo Os Marabillas en referencia á parroquia onde naceron. Cobraban 25 pesetas por un día de actuación, toda unha fortuna para aquela época dos anos vinte. Esta, ademais de tocar, asumía as funcións de representante artística, xestora e organizadora da banda, coa que atubaron por todas as romarías galegas pero tamén en Madrid e ata en Arxentina. Chamábanlle "a raíña da gaita galega".


6

## 7 Elisa Patiño Meléndez

(Pontevedra, 1890 - 1919)

Primeira muller galega en pilotar avións. Esta pontevedresa foi a primeira muller galega que pilotou un avión, feito que conseguiu o 12 de outubro de 1913 despegando da praia de Baltar, en Sanxenxo. Tamén coñecida como Chichana, era filla dos duques de Patiño. Entre as súas amigas destacan: Fefa Sandoval, Carmen Millán e Elena Castañeda. Muller culta, posuía unhas grandes dotes artísticas: pintaba, cantaba, tocaba o piano e o violín. E ademais formou parte de varias compañías de teatro. Os veráns pasabaos entre o pazo de Sanxenxo e o de Vilalonga. Faleceu moi nova, con 29 anos, vítima da gripe que azoutou a toda Europa tras a I Guerra Mundial.

7



# A Ruta da Igualdade Emilia Pardo Bazán Concello de Sanxenxo

## Emilia Pardo Bazán

(La Coruña, 1851 - Madrid, 1921)

Novelista, xornalista e activista feminista. Tamén lla coñece como Condesa de Pardo Bazán, xa que Alfonso XIII outorgoulle este título pola súa importancia no mundo literario. Esta escritora está considerada como unha das impulsoras do Naturalismo en España. A súa obra máis destacada, Os Pazos de Ulloa, publicase en 1886. Foi, ademais, unha das primeiras defensoras dos dereitos das mulleres. Reivindicou a instrución das mulleres como algo fundamental e dedicou unha parte importante da súa actuación pública a defendelo. Logo emprende unha nova aventura xornalística con Novo Teatro Crítico, revista fundada e escrita completamente por ela. Ademais deste gran logro, tamén fundou e dirixiu a Biblioteca da Muller. En 1916 o ministro de Instrución Pública nomea catedrática de Literatura Contemporánea de Linguas Neolatinas na Universidade Central.

10



1

CIM DE Sanxenxo



2

Mirador Praia Baltar



3

Mirador Praia Silgar



4

Mirador Rosa dos Ventos



5

Mirador Avenida do Porto



# Ruta da Igualdade Emilia Pardo Bazán Concello de Sanxenxo

A Peixeira



A Peixeira

A Peixeira

Mirador Palacios



6

Mirador Praza do Mar



7

Praza de Pacual Veigar



8

Mirador Praza dos Barcos



9

Mirador Praia de Panadeira



10

Mirador Praia da Carabueira



1

CIM DE Sanxenxo



Concepción Arenal Ponte

2

Mirador Praia Baltar



Rosalía de Castro

3

Mirador Praia Silgar



Marcela Gracia Ibeas e Elisa Sánchez Loriga

4

Mirador Rosa dos Ventos



María Pita

5

Mirador Avenida do Porto



Olimpia Valencia López



Ruta da Igualdade  
Emilia Pardo Bazán  
Concello de Sanxenxo

Mirador Palacios

A Peixeira

Panel Grande A

Panel Grande B

6

Mirador Praza do Mar



María Áurea Rodríguez

7

Praza de Pacual Veigar



Elisa Patiño Meléndez

8

Mirador Praza dos Barcos



Urania Mella Serrano

9

Mirador Praia do Panadeira



María Luz Morales

10

Mirador Praia da Carabuqueira



Emilia Pardo Bazán